



UN CADÁVER NA BIBLIOTECA

INFORMACIÓN AO PROFESORADO

Neste curso decidimos celebrar o Día do Libro desempoeirando os fondos que a biblioteca posúe de xénero negro. A elección desta temática xustifícase pola enorme puxanza e actualidade que está a ter: éxitos como os da saga *Millenium* e o rosario de autores escandinavos que arrasaron nas listaxes dos máis comprados, a cada vez maior difusión da “semana negra” de Barcelona ou a incursión no xénero de autores que aproveitan para facer crítica social ou parodia da novela histórica como Santiago Roncagliolo ou Eduardo Mendoza, sen contar co engado que para o cine tivo sempre e segue a ter este tipo de ficción, animáronnos a facelo.

O título da actividade é o dunha obra de Ágatha Christie e serviunos de pretexto para desenvolver unha certa escenografía alusiva ao xénero que non ten outro fin que o de traer os usuarios á biblioteca e facelos reflexionar sobre a importancia social que desde o seu nacemento ten o xénero. Recórdovos as xanelas negras abertas a pistas sobre a actividade que empregamos como engado publicitario para estimular a vosa curiosidade ou a liña de xiz pintada arredor desa silueta humana á porta da biblioteca.

Os ingredientes de toda obra destas características, en calquera dos seus formatos- novela, cine, TV, banda deseñada- recollémolos na exposición do primeiro andar, e redúcense a unha fórmula bastante sinxela:

- un crime, ou na súa versión máis “light”, un enigma, precisa de ser desentrañado a través dunha ardua investigación por un detective hábil da man do cal, nós, os consumidores do xénero, imos exercitar a lóxica, utilizar as pequenas células grises, como dicía POIROT, ou destrinxir unha malévola trama empregando métodos inductivos ou deductivos ao xeito do inefable HOLMES e do seu desafortunado amigo o Dr. WATSON. E, aínda que a literatura e o cine apelan moitas veces ao mundo dos sentimentos ou do sentido moral dos lectores, este tipo de historias móvense noutro ámbito: son un **desafío á nosa racionalidade**, un simple xogo mental, estimulante, pero sen pretensións; consideramos, pois, que a afección a este tipo de lectura **desenvolve nos usuarios a capacidade de atención e observación** (hai que estar moi pendente das pistas) **e as destrezas de tipo dedutivo**. Alén diso o xénero negro é, paradoxicamente, un terreo no que moitas veces ten cabida o humor

(negro, naturalmente). O cine, a banda deseñada e tamén moitas novelas presentan situacións hilarantes que nos sitúan na auténtica dimensión desta temática: a **ironía e o distanciamento** que permiten encarar sucesos luctuosos con absoluta desenvoltura, porque, en substancia, non se trata máis que de puro divertimento.

- Por outra banda, algúns textos nos que aparecen elementos típicos do xénero son **clásicos da literatura universal** de todos os tempos que rebanan con moito os límites do “negro”, como ***Os miserables*** de VÍCTOR Hugo, no que están presentes a persecución e a obsesión do detective por capturar ao sospeitoso, pero tamén un vasto e ben pintado tapiz social, o mesmo que a famosísima ***El nombre de la rosa***, de Umberto Eco, onde atopamos, xunto á trama detectivesca, unha atinada pintura de atmósferas, unha documentada escenificación das loitas entre as distintas faccións da Igrexa e a súas bases dogmáticas, reflexións de carácter lingüístico ou referencias ao estadio de evolución de diversas ciencias como a botánica, a química ou a óptica. Outros son textos de clara vontade literaria e só tanxencialmente adscribíbles ao “negro”, como ***El túnel*** de E. Sábato. Igualmente recomendábel e por similares razóns sería ***El perfume*** de Süskind, novelas que, ademais, foron adaptadas ao cine e poden ser obxecto dunha dupla lectura, no libro e na pantalla. O profesorado de inglés pode mesmo recomendar textos emblemáticos no idioma orixinal ou traducidos que constitúen excelentes oportunidades para encararse con autores de enorme transcendencia na materia como **Stevenson ou Poe**.
- E, se o profesorado quere vincular ao seu currículo esta temática e recomendala ao alumnado, é posíbel facelo, mesmo en materias tan “difíciles” como as Matemáticas, as Ciencias Naturais ou a Relixión aparentemente lonxe deste mundo do “negro”: en ***La habitación de Fermat*** hai referencias ao enigma homónimo e en practicamente calquera novela ou película do xénero aparecen alusións ao mundo da xenetica, das análises químicas, ao desenvolvemento da Informática, da medicina forense... É dicir, os achados da ciencia aplicados á criminalística. Noutras ocasións, películas como ***Seven***, en que o asasino castiga á sociedade polos seus pecados, aparecen reflexións de orde moral e social. En calquera caso, temos aí excelentes oportunidades para que facer ver ao alumnado que o que aprenden nas aulas ofrécelles unha bagaxe que lles permite pisar máis seguro e desfrutar máis incluso cando están vendo unha película de misterio ou lendo un cómic. Hai obras en “negro” para todos os niveis. Un alumno de Bacharelato algo inqueda pode atreverse con “El perfume” de Süskind ou “El túnel” de Sábato, pero un de 1º da ESO pode intentar resolver os enigmas propostos en **“El asesinato del profesor de Matemáticas”**
- E se calquera lector quere investigar desde a casa as posibilidades que lle ofrece a nosa biblioteca para mergullarse no xénero negro non ten máis que procurar a nosa páxina en Internet. A procura seguiría o seguinte

camiño: Proxecto Meiga, buscar a biblioteca do IES de Celanova, entrar na “nosa biblioteca”, e despois limitar a busca por materia co criterio **“xénero negro”, o que nos permite escoller entre case trescentos títulos entre cine, novela, cómic, series de TV e música, ensaios, etc.**

- Outra opción é achegarse á biblioteca e remexer entre as carátulas de cine ou follear os textos que se ofrecen na nosa **exposición**. Ademais, baixo os sobres de vidro das mesas, facemos as nosas recomendacións en forma de oito historias: catro delas sérvense nos dous formatos habituais no xénero -cine e novela-, dúas son exclusivamente textos literarios e as outras dúas textos fílmicos, pero en calquera caso son xoias do xénero que vos animamos a coñecer, pois representan diversas épocas e fórmulas, de autoría masculina ou feminina, de autores estranxeiros ou patrios, en galego ou en castelán... Animámosvos a todos a investigar nos vosos gustos e descubrir as xoias do xénero.
- Queremos tamén que os usuarios intercambien as súas experiencias, que falen das obras do xénero e compartan con nós as súas impresións e preferencias, polo que vos imos preguntar por elas en folliñas volandeiras (para o que precisamos da colaboración de voluntarios dentro do profesorado) para despois expoñelas no terceiro andar reeditando aquela actividade da “roupa estendida” que xa realizamos hai anos con moi bos resultados.